



Programa de
inclusión social



De 3 a 4 meses
de duración



Para a mocidade
de 18 a 30 anos



Galicia Moza **con** ALMA

A TÚA **OPORTUNIDADE** PARA O SALTO EUROPEO!

valo**Re**SC

innovati**o**n

Excelencia e Valor Social
Persoas | Organizacións | Empresas



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos
Europeos

Galicia Moza con ALMA

A TÚA OPORTUNIDADE PARA O SALTO EUROPEO!

QUE É?

Un programa que che dá ferramentas mediante prácticas formativas non laborais e unha experiencia de mobilidade na UE. Constrúe o teu futuro.



QUE CHE OFRECEMOS?

- FASE DE PREPARACIÓN**
Recibirás unha **formación personalizada** (mínimo 75 horas/máximo 1 mes) en habilidades, competencias e idiomas (preparación socio-lingüística e intercultural) antes de viaxar.
- FASE DE MOBILIDADE A UN PAÍS DA UNIÓN EUROPEA**
Realizarás prácticas **formativas non laborais titorizadas de 3 a 4 meses** nun país da Unión Europea, gañando experiencia real e autonomía.
- O TEU RETORNO**
Contarás con **apoio continuado** e seguimento para aplicar as túas novas capacidades na busca de emprego, ou para integrarte na formación regrada ou non regrada.

Durante a fase de mobilidade percibirás unha bolsa diaria en concepto de axuda de custo cuxo importe dependerá do país de realización das prácticas.



PARA QUEN É?



Se tes entre 18 e 30 anos, **dificultades** para acceder ao traballo ou á formación por estar nunha situación de vulnerabilidade*, estás inscrito/a e es beneficiario/a do **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)** en Galicia e estás empadroadado/a na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.

Atoparse nalgunha das situacións descritas a continuación:

- Persoa sen estudos ou como máximo coa ESO ou o equivalente.
- Persoas mozas desempregadas de longa duración, polo menos durante 12 meses.
- Estar empadroadada nun concello rural (todos os da provincia de Ourense excepto os concellos de Barbadás e Ourense).
- Persoas mozas que estean en situación ou risco de exclusión social conforme ao establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Incompatibilidade con outras subvencións

Estas subvencións son incompatibles con calquera outro tipo de subvencións ou bolsas de institucións públicas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, destinadas a actividades coa mesma finalidade.

INFÓRMATE:

www.valoresc.org
formacion@valoresc.org

988 062 863 - 694 30 36 27

Julio Prieto Nespereira, 21. 32005
Zona casco histórico - Ourense

NON É SÓ UNHA VIAXE. É A TÚA OPORTUNIDADE. PARTICIPA!

Estas axudas estaran cofinanciadas nunha porcentaxe do 95% pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 dentro do Obxectivo político 4. "Unha Europa mais social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais"; Prioridade 6. "Accions sociais innovadoras"; Obxectivo EspecificoES04.1. e Medida 6.A.01. "Practicas formativas en pais europeos. Iniciativa ALMA".



Cofinanciado pola Unión Europea